



## Concello de Vigo

### Contratación

CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE ACTUALIZACIÓN E MANTEMENTO CATASTRAL, INTEGRACIÓN COA PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+ E ACTUALIZACIÓN DE BASES DE DATOS TRIBUTARIAS

**1.- Entidade adxudicadora:** a) **Organismo:** Concello de Vigo; b) **Dependencia que tramita o expediente:** Dirección de Ingresos. c) **Obtención de documentación e información:** servizo de Contratación do concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO, teléfono (986) 810148, Fax: (986) 226206. **Correo electrónico:** [contratacion@vigo.org](mailto:contratacion@vigo.org) **Dirección de Internet do perfil do contratante:** [www.vigo.org](http://www.vigo.org). **Data límite para solicitar documentación:** ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións; d) **Número de expediente:** 2288-500.

**2.- Obxecto do Contrato:** a) **Tipo:** Servizos; b) **Descrición:** a prestación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias. c) **División por lotes e número de lotes:** Sí, 2. **Lote A:** Zona Este, segundo a delimitación establecida no plano do Anexo 1 do PPT; **Lote B:** Zona Oeste, segundo a delimitación establecida no plano do Anexo 1 do PPT. d) **Lugar de execución:** Concello de Vigo. e) **Prazo de execución:** 3 anos. **Prórroga:** tres prórrogas dun ano de duración cada unha.

**3.- Tramitación e procedemento:** a) **Tramitación:** Ordinaria; b) **Procedemento:** Aberto. c) **Criterios de adxudicación:** Os indicados no apartado 8 da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

**4.- Presuposto base de licitación:** a) **Importe total:** 1.440.000 euros. (I.V.E. engadido). b) **Dotación por lotes:** Lote A: 720.000.- euros; Lote B: 720.000.- euros.

**5.- Garantías esixidas:** a) **Provisional:** non se esixe. b) **Definitiva:** 5% do importe do contrato excluído o IVE. c) **Complementaria:** non.

**6.- Requisitos específicos do contratista:** a) **Solvencia económica e financeira:** Declaración do volume anual de negocio. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó prezo do contrato. b) **solvencia técnica e profesional:** Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou



## **Concello de Vigo**

### **Contratación**

traballos por importe igual ou superior á unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

**7.-Presentación de ofertas:** a) **Data límite de presentación:** o prazo rematará o día 2 de decembro de 2016; b) **Lugar de presentación:** Rexistro Xeral do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n, 36202 VIGO; c) **Admisión de melloras:** non; d) **Prazo da obriga de mante-la oferta:** dous meses contados dende o día da apertura de proposicións.

**8.- Apertura de Ofertas:** a) **Dirección:** Casa do Concello de Vigo, Pza. do Rei s/n 36202 VIGO. b) **data e hora.** Anunciarase no perfil do contratante do concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

**9.- Gastos de Publicidade:** Pagaraos o adxudicatario ata a cantidade de 2.500 euros.  
BBR/gr

Vigo, 18 de outubro de 2016  
O concelleiro delegado de Contratación  
P.D. (Decreto 19.6.2015 e Acordo 19.6.2015)

David Regades Fernández